

## COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE E INFORMACIÓN SOBRE MEDIDAS DE SEGURIDADE A OBSERVAR POLO ALUMNADO

(Nome e apelidos do alumno/a)

con DNI \_\_\_\_\_, e como autor/a do traballo, do que se propón como título:

COMPROMÉTOME a manter a confidencialidade respecto aos datos de carácter persoal relativos ás persoas participantes na investigación. Compromiso que subsistirá aínda despois de cumprir á finalidade para á que foron recollidos, e rematada a avaliación do traballo, e a etapa formativa na que se desenvolveu.

Así mesmo, comprométome a manter a integridade dos datos de carácter persoal no seu tratamento, á destrución dos mesmos unha vez rematada á avaliación do traballo e superado este, e a cumprir as medidas de seguridade, que se expoñen a continuación.

### INFORMACIÓN SOBRE MEDIDAS DE SEGURIDADE A OBSERVAR POLO ALUMNADO:

O alumnado debe seguir a *Normativa para o tratamento de datos de carácter persoal* que son as normas organizativas para o acceso a datos.

En virtude deste acordo de confidencialidade o/a alumno/a gardará o segredo de todos aqueles datos coñecidos a través da relación coas persoas participantes na investigación, aínda despois de finalizada dita relación.

O/a alumno/a non divulgará ou comunicará, directa o indirectamente a outra persoa, empresa ou institución, calquera información confidencial que afecte ás persoas participantes na investigación.

O/a alumno/a non utilizará a información á que teña acceso, con fins distintos polos que foi recollida dita información.

Ademais o/a alumno/a declara coñecer e acepta:

1. Que as persoas participantes na investigación das que se tratan datos, teñen dereitos establecidos pola normativa vixente de protección de datos.
2. Que as responsabilidades e sancións nas que poida incurrir por unha xestión negligente das súas obrigas serán as previstas, no seu caso, pola lexislación vixente.

As seguintes normas regulan o acceso aos datos de carácter persoal para garantir a súa integridade e confidencialidade:

- Considérase información confidencial, independentemente da súa orixe, natureza, forma ou soporte (verbal, escrita, gravada ou de calquera outro tipo): toda aquela información que poida recoñecer a unha persoa: datos de identificación, de características persoais, financeiros ou económicos, académicos y profesionais, detalles sobre o emprego, datos especialmente sensibles (saúde, ideoloxía, entre outros)
- Non divulgar, nin utilizar, por tempo indefinido, directamente nin a través de terceiros ou outras entidades, a información confidencial á que se teña acceso durante a realización do traballo, tanto si esta información se atopa en soporte físico, como electrónico.

- Queda prohibida a utilización de información confidencial que se poida obter, para calquera outro fin que non sexa o estritamente necesario para a realización do traballo de investigación. Polo mesmo motivo, non se debe recoller, nin tratar datos que excedan ás necesidades reais do mesmo.

#### **FENDAS DE SEGURIDADE**

- O/a alumno/a comunicará, o antes posible, por escrito, como unha fenda de seguridade, calquera anomalía que afecte, en modo real ou potencial, á seguridade dos datos ou do sistema informático no que son tratados.
- A non notificación, considerarase como unha falta contra a seguridade do sistema.

#### **CONTRASINAL**

- O/a alumno/a é responsable da confidencialidade dos contrasinais para o acceso aos equipos ou aplicacións utilizadas e non a comunicará a ningunha outra persoa.
- No caso de que existan indicios de que os mesmos sexan coñecidos de forma fortuíta ou fraudulenta por outras persoas, deberá comunicalo para que se rexistre a violación de seguridade (fenda) e proceda inmediatamente ao seu cambio.
- Non se deben empregar contrasinais e chaves que sexan facilmente descifrables (ex. nome e apelidos, data de nacemento, entre outros). É recomendable que, de ser posible, o contrasinal combine díxitos, letras e símbolos.
- Os contrasinais e as chaves non poden estar almacenadas en ningún lugar visible a outra persoa, e debe cambiarse con unha periodicidade anual, como mínimo.

#### **LUGAR DE TRABALLO**

- O/a alumno/a é responsable das condicións do lugar de traballo onde trate os datos, e non permitirá que poidan ser visualizados por persoas non autorizadas.
- Non deixará nas impresoras documentos que conteñan información confidencial.
- O/a alumno/a, cando abandone o lugar de traballo no que accede á información confidencial, o deixará nun estado que impida a visualización dos datos protexidos. Procederá ao peche da sesión na que se encontre, ou bloqueará o terminal.
- Apagará o equipo informático ao finalizar, e no momento de destruír información confidencial, utilizará medios que a fagan irrecuperable.

|   |   |
|---|---|
| <p><b>A persoa investigadora (alumno/a)</b></p><br><p><b>Data:</b></p><br><p><b>Sinatura:</b></p> | <p><b>V . e pr.</b></p> <p><b>O/a titor/a (profesor/a):</b></p><br><p><b>Data:</b></p><br><p><b>Sinatura:</b></p> |
|---|---|